



Informe do estado de saúde dos ríos galegos 2009



proxectoríos

Memoria Actividades 2009

Coordinación e maquetación: Virginia Rodríguez

Realización: Virginia Rodríguez e Francisco Bañobre

Fotografía.: Ramsés Pérez

Proxecto Ríos

Travesa de Basquiños, 9 Baixo

16703 Santiago de Compostela

www.proxectorios.org

1. Introducción

2. Memoria de actividades

- Saídas Formativas
- Charlas presentación do Proxecto Ríos
- Asistencia a xornadas e congresos
- Roteiríos 08
- Cursos de formación
- Encontro de voluntariado
- Xornada simultánea de limpeza de ríos
- Campamento de voluntariado ambiental do río Tea

3. Nivel de participación

- Participación por provincias
- Respostas dos grupos

4. Informe Anual 2009

- Datos xerais
- Datos por concas
- Especies exóticas invasoras
- Conclusións

5. Rede Ibérica do Proxecto Ríos

6. Anexos

- Actividades mensuais do Proxecto Ríos 2009
- Aparicións en medios de comunicación
- Materiais editados



1.Introdución

No ano 2005 o Proxecto Ríos, coordinado en Galicia por ADEGA comeza a súa andaina coa firme intención de divulgar a situación ambiental dos cursos fluviais, contribuír a incrementar a concienciación ambiental a través da participación cidadá e aportar solucións aos problemas asociados á auga e aos ríos, así como converterse nun referente nos programas de educación e voluntariado ambiental.

A finalidade é a de coñecer o papel fundamental dos ríos, e as problemáticas ambientais a eles asociadas, fomentar prácticas e comportamentos que permitan aos/as cidadáns o mantemento, e se cadra a mellora, dos cursos fluviais, mediante a súa participación. Estes serían os obxectivos xerais do proxecto, pero ademais se asumiron como obxectivos específicos os seguintes:

- Mostrar aos participantes as súas responsabilidades ambientais,

especialmente na contaminación das augas e a súa conservación.

- Promover o coñecemento da fauna e flora dos ecosistemas de ribeira.
- Interpretar o ciclo da auga a escala global e local, elucidando o cidadá o seu papel nese ciclo.
- Facilitar as visitas e as vivencias con material específico e persoal especializado.
- Espertar a curiosidade sobre a interrelación de aspectos naturais, culturais, históricos, sociais, económicos, etc., e promover unha visión integral da cidade ou vila e o seu contorno (o río).
- Dispor dunha sede física e virtual onde centralizar as actividades do proxecto Ríos e os recursos de educación ambiental, facilitando o acceso aos usuarios.
- Fomentar o desenvolvemento da educación ambiental nos Concellos, ofertando programas de actividades para diferentes grupos sociais.

Logo de cinco anos fluíndo, o proceso de implantación e de consolidación do Proxecto Ríos en Galicia non puido ser máis positivo. Durante este período o interese dos grupos de voluntarios, base do Proxecto Ríos, por participar e formar parte desta rede ten sido constante e progresiva.

Nese espazo de tempo as actividades desenvolvidas foron moitas realizadas ao logo do país arredor dos ríos e as persoas, interese que se veu reflectido nos medios de comunicación. Porén, o Proxecto Ríos foi máis aló dos nosos límites administrativos e participou en diferentes foros, congresos e xuntanzas (Brasil, Cantabria, Málaga, Lisboa, Cabo Verde, Murcia, etc.). Igualmente é fundadora da *Red Ibérica de Proyecto Ríos*, iniciativa impulsada por diferentes entidades de varias comunidades autónomas que están a desenvolver o Proxecto Ríos no seu territorio e que ten como finalidade a creación de sinerxías que redunden na mellora da coordinación entre os proxectos, e na organización de actividades de forma conxunta.

Poderíamos concluír dicindo que os obxectivos plantexados hai cinco anos están cumpridos en cantidade e cremos que poderíamos dicir en calidade, situación que non nos fai caer na autocompracencia senón que nos motiva a afrontar novos retos e a mellorar as nosas accións, así como a ser máis eficientes no desenvolvemento das mesmas.

Pensamos pois que este é un bo momento para pararse, reflexionar e mirar o treito de río navegado para coller folgos e reorientar o fluír para os próximos cinco anos.

Dende a Coordinación do Proxecto Ríos, en colaboración coa equipa de educación ambiental de ADEGA, vimos de deseñar as liñas estratéxicas que pensamos deberían guiar o Proxecto nesta nova etapa. Evidentemente estas liñas deberán ser apoiadas e enriquecidas cos aportes dos participantes no proxecto, tanto polo voluntariado como por aquelas entidades que de distinta maneira contribúen ao Proxecto Ríos (administracións, etc).

Liñas de actuación 2010-2014

Entendemos que a redefinición da misión, os valores e demais temas xerais será unha cuestión a plantexar logo das conclusións obtidas no proceso participativo da elaboración do Plan Estratéxico 2010-2015 que se vai realizar de maneira aberta e coa participación dos voluntarios e voluntarias do Proxecto Ríos durante o primeiro semestre de 2010. Porén, o que si podemos concretar son algunhas liñas e actuacións, que por

unha banda, son pasos lóxicos e claros da andaina do Proxecto Ríos, como aspectos que durante estes anos foron apuntados polo voluntariado ambiental en diferentes momentos. Aquí gustaríanos apuntar que en todas, ou case todas as actividades do Proxecto Ríos, se realizan avaliacións nas que se demanda aos participantes sobre novas ideas ou propostas que lles gustaría se puxeran en marcha.

Como novas liñas de traballo se plantexan as seguintes:

LIÑA 1. DIVULGACIÓN E SENSIBILIZACIÓN

Dentro desta liña englobaremos diferentes actuacións que despois de cinco anos entendemos que son necesarias.

-Edición do libro **Cinco anos do Proxecto Ríos** Publicación que recolla a experiencia gañada neste período na que se plasme o traballo desenvolvido dende o Proxecto Ríos, poñendo en valor o traballo do voluntariado ambiental fundamentalmente.

-Reedición participativa dos **Manuais de Inspección do Proxecto Ríos**: Logo de cinco anos e coincidindo co esgotamento dos Manuais de Inspección de río, poñeremos en marcha un proceso para a mellora e adaptación do material (introdución das fichas de EEI, etc).

-Elaboración participativa do **Manual de Adopción de Ríos**: Posteriormente á reedición dos manuais de inspección, cremos fundamental a posta en marcha dun proceso participativo que finalice co deseño e edición do Manual de Adopción de Ríos. O deseño deste material terá unha metodoloxía participativa e unha temporalidade de seis meses. O material será elaborado pola Coordinación do Proxecto Ríos en colaboración cos participantes, así mesmo pretendemos que a primeira adopción de 2010 sirva de exemplo e acompañe, a modo de proxecto de investigación acción, o deseño desta nova ferramenta para o voluntariado.

-Incorporación na **páxina web** dun sistema xeoreferecial de datos, que

permita á cidadanía poder coñecer a ubicación e o estado dos diferentes treitos inspeccionados.

LIÑA 2. PROMOCIÓN DA CUSTODIA FLUVIAL

-Adopción de ríos: Ao longo dos seguintes anos nos plantexamos desenvolver proxectos de adopcións de ríos, baseados na custodia fluvial. A balanza inclinarase cara ao desenvolvemento de ao menos 5 proxectos dependendo da súa complexidade. Para ter unha visión máis ampla do que significa a adopción, pódenos ilustrar que no Projecte Rius desenvolveron 8 proxectos de adopción en 10 anos.

-Creación ou consolidación de redes de bacía: Poñer en contacto aos grupos que estean realizando traballos na mesma bacía redundará beneficiosamente no desenvolvemento do proxecto e na consolidación dos mesmos grupos da zona. Organizar actividades por zonas fluviais supón ademais menor esforzo de asistencia para os grupos xa que estas se desenvolven na súa área de influencia, fornecendo os vínculos que se poidan crear entre os diferentes participantes, fomentando sinerxías entres os diferentes grupos e creando accións conxuntas na bacía.

-Fomento da **participación de concellos como entidades colaboradoras** do proxecto, fundamentais para a consecución desta liña prioritaria, posto que tanto nas adopcións como as redes de bacía, o papel da administración local é fundamental.

LIÑA 3. APERTURA DO PROXECTO A NOVOS ÁMBITOS E SECTORES

- **Impulsar actividades socialmente responsables por parte das empresas**, que permitirá contar coa colaboración dun dos axentes especialmente implicados no desenvolvemento medioambiental. As empresas poden desenvolver iniciativas de Responsabilidade Social Empresarial (RSE) (cos beneficios económicos e sociais que estas iniciativas poden reportar ás empresas), fomentar a acción voluntaria entre os/as traballadores destas empresas e, o que é máis importante, contribuír a unha efectiva mellora, protección e conservación dos ecosistemas fluviais.

- Novo ámbito de actuación: o **Proxecto Ríos chega ao mar**; mediante esta nova iniciativa pretendemos desenvolver un programa que traballe a chegada dos ríos ao mar. Estes espazos teñen unha dobre peculiaridade: por unha banda son un espazo de enorme importancia ambiental ao ser a confluencia de dous ecosistemas naturais: os ríos e o mar, orixinando en moitos casos marismas, esteiros, zonas húmidas, etc, espazos que teñen unha grande importancia económica, ambiental e social (cría de peixes, esparcemento...). Por outra banda son lugares aos que os ríos chegan en pésimas condicións (conclusión tirada tamén das inspeccións do voluntariado do PR) e nos que a presión urbanística supón un paso máis no seu deterioro en forma de destrución do hábitat, contaminación acuática, turismo, etc.... Para desenvolver esta nova proposta será necesario deseñar e elaborar unha nova metodoloxía, polo que nunha primeira

fase realizarase un estudo de proxectos similares que se estean desenvolvendo no estado.

Estas novas liñas de actuación permiten incorporar os novos obxectivos, que dende o proxecto, entendiamos que se facían necesarios.

- Involucrar as entidades locais e cidadáns na custodia do territorio.
- Promover relacións e sinerxías entre concellos e veciños, para consolidar unha recuperación integral do ecosistema fluvial.
- Fomentar a implantación da educación ambiental a nivel empresarial, ofertando programas de actividades para diferentes grupos sociais.
- Favorecer a incorporación do voluntariado ambiental en accións que fomenten a defensa do patrimonio natural, histórico e etnográfico.
- Capacitar ao voluntariado para colaborar en labores de recuperación do patrimonio natural e etnográfico.
- Establecer proxectos piloto de participación cidadá, na avaliación, toma de decisións e melloras mediante a custodia do territorio (accións de restauración e conservación).

A día de hoxe o Proxecto Ríos é un dos poucos programa de voluntariado ambiental de ámbito galego que permanece, demostrando a importancia das iniciativas sociais

2. Memoria de actividades

En canto ás actividades desenvolvidas ao longo deste 2009 continuamos cos obxectivos iniciados no bienio 2007-2008 de consolidación da participación cidadá arredor dos cursos fluviais. Como cada ano, editamos un calendario, que distribuímos aos participantes, onde aparecían as actividades centrais do proxecto, así como outras que intentamos levar a cabo. Dende as campañas de inspección, pasando polos cursos de formación, as saídas formativas, o calendario fenolóxico, o encontro de voluntariado (ao que lle dimos un pulo especial polo aniversario),

a limpeza simultánea de ríos, os Roteirríos, os campos de voluntariado, até a asistencia a xornadas e congresos ou a realización de charlas divulgativas, fomos enchendo o ano de actividades nos nosos ríos. Este ano tamén presentamos en sociedade o Proxecto Ríos de Lingua e Cultura, que comezará a se desenvolver en 2010. Tamén rematamos o Proxecto Castieixas de recuperación de charcas e anfibios.

Nas seguintes páxinas expoñemos polo miúdo todas as actividades realizadas e o que deu de si un ano 2009 no que estivemos sumerxidos no río.

Saídas Formativa

Estas saídas consisten en facer unha inspección do río pero co apoio da equipa educativa do Proxecto Ríos. As saídas formativas constan de dúas partes: unha primeira na que se percorre o treito escollido e se identifican especies vexetais e animais tanto das marxes como do leito do río, realizándose tamén o esquema do treito inspeccionado. Ó longo do percorrido se aproveita para comentar diferentes aspectos relacionados cos ecosistemas fluviais, así como para contabilizar os restos patrimoniais e analizar os colectores que poidan aparecer no noso treito. O estudo dos colectores nos permite coñecer a tipoloxía e a posible perigosidade dos aportes que poida ter o treito inspeccionado así como tomar as medidas oportunas de denuncia ambiental cando proceda. A presenza de patrimonio etnográfico nos ríos galegos é moi elevada, por iso dende o Proxecto Ríos queremos darlle unha especial relevancia ó estudo de ditos restos facendo fincapé nos usos tradicionais que posúen os nosos ríos.

Na segunda parte da inspección se escolle un punto de mostraxe

representativo do treito onde faremos as análises e medicións dos parámetros fisicoquímicos e biolóxicos. Dentro dos parámetros físicos medimos a anchura da canle, a profundidade, a velocidade da corrente, as características organolépticas da auga, a temperatura e a transparencia, así como o estado do bosque de ribeira (o cal calculamos a través do índice de calidade de ribeira QBR) e a porcentaxe de sombra que cubre a canle. Nos parámetros químicos medimos o pH e a cantidade de nitratos e nitritos disoltos na auga. No punto de mostraxe faise tamén un estudo dos macroinvertebrados presentes no substrato do río. Estes organismos son bioindicadores, o que nos permite avaliar a calidade das augas. En función dos datos recollidos asignamos un valor representativo do estado de saúde do río inspeccionado. A escala de valores vai do 1 ao 5, sendo o primeiro un estado óptimo de saúde. O último estado indícanos que o río carece das condicións axeitadas para o desenvolvemento da vida.



Este ano 2009 realizamos as seguintes saídas formativas:

- Concello de Muxía. 7/03/2009. Río Castro
- Sociedade de Caza e Pesca de Silleda. 8/03/2009. Río Deza
- UNED en Santiago de Compostela. 14/03/2009. Río Sarela.
- IES Rosalía de Castro. 24/03/2009. Río Sarela.
- IES Rosalía de Castro. 25/03/2009. Río Sarela.
- CPI Viaño Pequeno de Trazo. 31/03/2009. Río Chonia
- UDC. 01/04/2009.
- IES de Pontecaldelas. 23/04/2009. Río Verdugo.
- ADEGA-Vigo. 26/04/2009. Río Eifonso
- IES Xelmírez II de Santiago. 29/04/2009. Río Sarela.
- IES de Arzúa. 07/05/2009. Río Iso.
- AAVV Val de Esmelle. 08/05/2009.
- Ribadeo. 09/05/2009. Río Grande.
- IES de Muxía. 11/05/2009. Río Castro.
- Castro Caldelas. 12/05/2009.
- Allariz. 13/05/2009.
- O Barco de Valdeorras. 14/05/2009.
- Concello de Ordes. 16/05/2009. Río Cabrón.
- CEIP de Barro. 19/05/2009.
- IES A Piringalla. 26/05/2009. Río Mera.
- CEIP de Cervo. 27/05/2009. Río Xunco.
- IES Marqués de Sargadelos, Cervo. 28/05/2009. Río Xunco.
- Asociación Arelas de Aquelar, Sanxenxo. 06/06/09. Río Pintillón.
- Ortigueira, Fundación Ortegalia. 08/06/2009. Río Mera.
- Asociación AETNA de Fene. 15/06/2009. Río Baa.
- Concello de Vedra. 21/07/09. Río Ulla.
- Asociación de Discapacitados de Allariz. 21/09/09. Río Arnoia.
- Curso de formación CIG-Ensino A Mariña. 22 e 24/09/09. Río da Regueira.
- IES de Monterroso. 13/10/2009. Río Ulla.
- IES de Arzúa. 27/10/09. Río Carracedo-Iso.
- CEIP de Cervo. 28/10/09. Río Xunco.
- IES Marqués de Sargadelos (Cervo). 29/10/2009. Río Xunco.

Charlas presentación do Proxecto Ríos

As canles de difusión do Proxecto Ríos na sociedade son fundamentalmente a nosa páxina web, onde damos cumprida conta das actividades realizadas e as que se van a desenvolver. Na actualidade o proxecto está nun nivel de consolidación aceptable que nos permite non ter que facer inversións periódicas en difusión. As charlas presentación do Proxecto Ríos funcionan tamén como ferramenta de divulgación aínda que a finalidade última é que se formen grupos de voluntarios/as nunha zona concreta e traballen para mellorar a calidade dos ecosistemas fluviais da súa contorna.

As charlas consisten nunha presentación en Powerpoint onde se amosan os contidos do proxecto, os materiais a empregar nas inspeccións dos ríos, os pasos a seguir na realización das inspeccións, así como pautas para o correcto manexo dos materiais e actitudes positivas á hora de facer a saída ao campo. Finalmente, ábrese unha quenda de preguntas para o debate sobre aspectos que os asistentes consideren importantes relacionados cos ecosistemas fluviais.

Presentacións realizadas en 2009:

- 06/03/09 Presentación na Sociedade de Caza e Pesca de Silleda.
- 27/03/09 Presentación no CPI Viano Pequeno de Trazo.
- 28/03/09 Ponencia do Proxecto Ríos, *Curso de Participación, Educación e divulgación Ambiental*, USC.
- 30/03/09 Presentación do Proxecto Ríos na UDC.
- 02/04/09 Presentación do Proxecto Ríos no Concello de Ordes.
- 02/04/09 Presentación do Proxecto Ríos no CEIP Chans-Bembrive, Vigo
- 16/04/09 Presentación do PR no barco de Valdeorras, na semana do ambiente.
- 05/05/09 Charla Proxecto Ríos no Curso da Deputación de A Coruña de Educación e Voluntariado Ambiental, A Coruña.
- 11/05/09 Charla Proxecto Ríos no Curso da Deputación de A Coruña de Educación e Voluntariado Ambiental, A Coruña.
- 30/05/09 Presentación PR no Núcleo de Sostibilidade de Covelo.
- 04/06/09 Charla Proxecto Ríos no Curso da Deputación de A Coruña de Educación e Voluntariado Ambiental, Santiago de Compostela.
- 06/06/09 Charla presentación do PR coa Asociación Arelas de Aquelar (Sanxenxo).
- 24/06/09 Presentación do Proxecto Ríos na Asociación AETNA (Fene).

- 21/09/09 Presentación Proxecto Ríos curso de formación da CIG-Ensino en Xove.
- 29/09/09 Jornadas "Agua, Medio Ambiente y Participación, Abegondo, CEIDA.
- 12/11/09 Presentación PR na Facultade de Xeografía e Historia da USC.
- 13/11/09 Curso Básico de voluntariado. Universidade de Santiago de Compostela

Asistencia a xornadas e congresos

Dentro das actividades desenvolvidas pola equipa que integra o Proxecto Ríos, está a asistencia a xornadas e congresos que teñan nos seus contidos temas relacionados cos ecosistemas fluviais, a auga, o voluntariado e a educación

En 2009 asistimos a diferentes xornadas e congresos:

- 07/04/09 Presentación do resultado do campo de voluntariado ambiental do río tea, na presentación da convocatoria 2009 de Voluntariado e E.A. en ríos no MARM.
- 22/04/09 Participación na mesa de traballo especies invasoras, Confederación Hidrográfica do Norte.
- 25-27/06/09 Comunicación no VI Xornadas Galegas de EA.
- 27,28 e 29/06/09 Asistencia aos encontros da Red Ibérica de Proyecto Ríos.
- 18-19/07/09 Jornadas de pesca sostenible, San Tirso D'Abres (Oscos).
- 15, 16 e 17/10/09 III Seminario Permanente de Voluntariado en Ríos: "Voluntariado para la Conservación de la Biodiversidad" Valsaín (Segovia).
- III Congreso nacional sobre especies Exóticas Invasoras, 24-27 de Novembro, Zaragoza, Grupo de especialistas en Invasións Biolóxicas (GEIB)



Roteiríos 09

Roteiríos é un programa de itinerarios organizado polo Proxecto Ríos que pretende unir ríos e persoas. Continuamos coa andaina iniciada fai dou anos tentando achegar os cursos fluviais á cidadanía nun ambiente lúdico, así como dar a coñecer o patrimonio natural, cultural e social asociado. Este ano 2009 centrámonos no patrimonio cultural que está presente nos nosos ríos. Visitamos

complexos etnográficos que, polo seu estado de conservación e importancia, merecen ser coñecidos e recoñecidos. O aproveitamento que a sociedade rural galega fixo da auga para desenvolver as súas actividades foi moi salientable, chegando nalgúns casos a constituírse como unha industria.

En 2009 visitamos os seguintes lugares:

- **Roteiro aos Batáns de Mosquetín, río Grande (Vimianzo). 14 de marzo de 2009.**
- **Visita ao conxunto etnográfico do río arnoia en allariz. 25 de abril de 2009.**

Cursos de formación

Os cursos de formación son unha boa oportunidade para achegarse dun xeito ameno e didáctico ao mundo dos macroinvertebrados, peza fundamental á hora de saír ao río e avaliar a calidade do ecosistema fluvial. Por iso, as datas fanse coincidir coa campaña de primavera (15 de Abril até 31 de Maio) e de outono (1 de Setembro até 15 de Outubro) facilitando o traballo aos novos grupos que comezan no Proxecto Ríos. Así mesmo na sesión da mañá afóndase en novos ámbitos de

actuación. Nesta xeira as temáticas escollidas foron o recoñecemento de diversos indicadores do estado do bosque de ribeira (QBR, QRISI) e os efecto do cambio climático sobre as especies piscícolas.

Realizáronse dous curso de formación coincidindo co inicio das dúas campañas (primavera e outono).

- **IX curso de formación de coordinadores de grupo do proxecto ríos. 18 de abril de 2009, estación de hidrobioloxía do encoro do con, vilagarcía de arousa**
- **X curso de formación de coordinadores de grupo do proxecto ríos. 26 de setembro de 2009, estación de hidrobioloxía do encoro do con, vilagarcía de arousa**

Encontro de voluntariado

O sábado 20 de xuño o Proxecto Ríos celebrou en Santiago de Compostela o V Encontro de Voluntariado do Proxecto Ríos.

Este ano, o Proxecto Ríos cumpre cinco anos de andaina e traballos arredor dos nosos ríos, por iso estes encontros tiñan un aire especial que quixemos poñer de manifesto cos grupos de voluntarios que asistiron e participaron.

Tamén este 2009, un dos aspectos que traballamos no Proxecto Ríos foi o do patrimonio etnográfico presente nos ríos galegos. Adicamos varias actividades a poñer en valor este patrimonio, moi vencellado ao natural e humano que determinan moita da morfoloxía dos nosos ríos. Exemplos foron o Roteirríos, o Campamento de Voluntariado do Tea, que na súa derradeira xornada visitamos un serradoiro movido pola forza da auga, o Proxecto Castieixas e, como non podía ser menos, estes V Encontros de Voluntariado tamén estiveron centrados nesa riqueza patrimonial que enche os nosos cursos fluviais.

Comezamos a xornada ás 10.30h no Museo do Pobo Galego coa recepción dos participantes e asistentes. A cada persoa se lle entregou o material dos encontros, unha carpeta co programa da xornada e material variado. Na sala destinada a desenvolver esta xornada, o Proxecto Ríos colocou material diverso da organización que desenvolve o proxecto (ADEGA), así como unha pequena exposición de material empregado nas inspeccións de río, tanto do Proxecto Ríos

de Galiza como doutras comunidades que están a desenvolver o proxecto como Cantabria.

Ás 10.45h comezou a sesión inaugural a cargo de Virxinia Rodríguez, Coordinadora do Proxecto Ríos e Elvira Cienfuegos, Concelleira de Medio Ambiente do Concello de Santiago de Compostela. Ámbalas dúas destacaron a labor desenvolvida polo Proxecto Ríos e o voluntariado que o integra na conservación, estudo e mellora dos ecosistemas fluviais do noso país. Logo das súas intervencións démoslle paso ás comunicacións dos grupos de voluntarios/as do proxecto. A orde foi a seguinte:

- **CPI Viaño Pequeno:** da man de Alberto e Javier, dous alumnos de 1º da E.S.O., coñecemos un pouco máis o río Chonia, onde fan as súas inspeccións, e o patrimonio etnográfico presente nel.
- **Pier Vieira:** coordinadora do grupo que traballa no río Brexa, que discorre polos concellos de Carral e Cambre, elaborou unha montaxe con fotos e música describindo as actividades que realizan no Brexa.
- **C.E.S.:** en representación do Colectivo Ecoloxista do Salnés veu Marro. Traballan no río Umia e explicounos o estado no que se atopa ao paso polo municipio de Ribadumia e as actividades que realizan, arredor dos ríos, esta agrupación ambientalista do Salnés.

- **ALUME:** Flor, monitora da asociación luguesa de axuda a enfermos mentais, comentounos como traballan no río Veiga en Guitiriz con este colectivo de persoas, os beneficios que lles proporcionan e o entusiasmo e motivación que amosan cando fan as inspeccións.
- **Proxecto Home Lugo:** de Lugo viñeron catro persoas, Héctor, o monitor, e tres rapaces que están a seguir o programa do Proxecto Home. Comentáronnos alí como fan para desenvolver as inspeccións no río Rato e como se responsabilizan cada pequeno grupo de facer os traballos a pe de río.
- **Barcas do Minho:** Xosé Manuel, integrante desta asociación que pretende recuperar e poñer en valor as embarcacións tradicionais empregadas nos ríos falounos un pouco sobre as actividades que están a desenvolver. Deunos a visión que teñen dende a asociación sobre o patrimonio fluvial, e como tentan darlle un uso ás embarcacións que constrúen, e non só recuperar por recuperar.
- **Manuela e José Luís:** participantes de Burela que asistimos aos Campos de Voluntariado do río Tea e nos regalaron a súa visión e valoración desta iniciativa, cunha presentación de fotos dos traballos feitos no Tea e unha carta explicando cal fora a súa experiencia.



Como colofón ás presentacións démoslle a palabra ao Vicepresidente do Museo do Pobo Galego, Luciano García Alén que asistiu aos encontros e se manifestou sorprendido e moi ledo de que houbera tantos grupos de persoas traballando pola conservación dos nosos ríos.

Coas emotivas palabras de Luciano dimos paso ao merecido descanso en forma de café con bolachas antes de acometer o roteiro polo río Sarela. Durante esta pausa fixemos entrega dun agasallo a cada poñente, consistente nunha serigrafía dunha Garza Real obra de Calros Silvar.

Cando rematou o café e coas forzas renovadas fixémonos unha foto de grupo e puxemos rumbo ao Sarela polo medio do casco histórico de Compostela. Chegamos ao río arredor da unha da tarde. Iniciamos a ruta nos lavadoiros en liña de Santa Isabel e continuamos río abaixo pola marxe dereita. Logo de varias paradas para facer algún comentario salientable sobre o río chegamos até a ponte do Sarela, debaixo da carballeira de San Lourenzo, punto final do percorrido. Dende alí dirixímonos cara a Alameda onde nos estaba agardando o xantar debaixo dos carballos de Santa Susana. Cando chegamos, todo estaba preparado e como xa eran preto das tres da tarde, demos boa conta de empanadas, tortillas, queixos, pan e viño que dispuxo para nos o Proxecto Ríos.

Ás cinco da tarde fomos até a Fundación Caixa Galicia, rúa do Vilar, para asistir á conferencia marco dos encontros impartida por Manuel Caamaño Suárez, arquitecto e membro do Padroado do

Museo do Pobo Galego. Manuel ilustrounos sobre as diferentes construcións pertencentes á arquitectura popular que ateigan os nosos ríos. Foi unha charla moi enriquecedora na que aprendemos moito sobre a tipoloxía destas construcións, dende muíños, batáns, curtidorías pasando por lavadoiros, pontes, fontes e pesqueiras. Obsequiamos tamén a Manuel Caamaño cun agasallo: outra Garza Real serigrafiada por Calros Silvar.

Arredor das 18.30h clausuramos estes encontros agradecendo ás diferentes entidades a súa dispoñibilidade e axuda (Museo do Pobo Galego, Concello de Santiago e Fundación Caixa Galicia) e sobre todo aos voluntarios/as participantes e asistentes, xa que sen o seu traballo e compromiso o Proxecto Ríos non tería existido.

Xa como punto final, os que quixeron, achegámonos de volta até a Alameda para disfrutar das actividades da Feira do Sol organizada polo Concello de Santiago.

En definitiva, foi esta unha xornada onde se deron cita ríos e persoas, que unidos pasamos unhas horas do sábado en boa compañía, sendo en total 45 os/as participantes nestes V Encontros de Voluntariado do Proxecto Ríos.





Xornada simultánea de limpeza de ríos



Continuamos este ano 2009 coa organización da II Limpeza simultánea de ríos, actividade que en 2008 tivo moito éxito de participación e de repercusión nos medios de comunicación.

O domingo 27 de setembro de 2009 realizouse en 22 concellos de Galicia a II limpeza simultánea de ríos. Co nome de **“Tes unhas botas na casa?”**, ADEGA e o Proxecto Ríos organizaron unha campaña de recollida de lixo nos cursos fluviais do noso país. Neste segundo ano sumáronse á iniciativa concellos, asociacións de pescadores, culturais, ecoloxistas... de 22 lugares de Galicia. Algúns deles xa participaron na actividade do ano pasado ou están activos no Proxecto Ríos, outros sumáronse por primeira vez nesta segunda edición á retirada de materia inerte (plásticos, papeis, refugalloos varios, etc.) dos cursos e dos marxes dos ríos.

Para levar a cabo a actuación reeditouse o protocolo de limpeza de ríos co fin de ofrecer unhas pautas sobre cómo se debe facer unha limpeza ecolóxica nos ecosistemas fluviais. Neste protocolo explícase polo miúdo que facer antes da limpeza, durante a limpeza e despois da limpeza, así como que facer coa suposta maleza que moitas veces está presente nos ríos. Tamén agasallouse aos/ás voluntarios/as que participaron con unhas camisolas co lema da limpeza.

Dende o Proxecto Ríos e ADEGA queremos agradecer profundamente a todos os colectivos que se implicaron na coordinación da limpeza na súa zona. Agradecer tamén aos concellos o

compromiso na conservación dos ríos que regan os seus municipios proporcionando o material necesario para realizar a limpeza e a recollida do lixo retirado dos ríos e/ou apoiando economicamente a actuación.

As limpezas realizáronse en xornada de mañá en diferentes ríos do país, comezando sobre as 10.00h e rematando arredor das 13.30h. Nestas intensas horas de traballo foron retirados centos de quilos de lixo, o que indica, por unha banda, a situación de abandono no que aínda se atopan moitos dos nosos ríos, sobre todo aqueles que atravesan núcleos de poboación; e por outra que, en pouco tempo de traballo, un pequeno grupo de persoas pode facer un gran beneficio aos ecosistemas fluviais. Hai que erradicar definitivamente a horrible idea de que os ríos, os mares ou os montes son vertedoiros. Cando pretendemos desfacer nos do lixo sacándoo da nosa vista tarde ou cedo aparecerá fedorento dándonos nos fociños.

De seguido aparece unha relación dos colectivos participantes onde se especifica en que río se actuou, o número

de persoas que foron a limpar e a cantidade de lixo se retirou.

Colectivo/Concello	Río	Voluntarios/as	Kg. Lixo
Asociación pola Defensa do Val do Liñares (A Estrada)	Liñares	8	200
Adegas-Carballo	Anllóns	8	350
Adegas-Ourense	Barbaña	12	300
ADEGA-Compostela	Sar	19	150
Asociación O Fervedoiro (Cuntis)	Gallo	15	500
Concello de Lalín	Asneiro	10	800
ADEGA-Lugo	Rato	8	1000
Asociación de Troiteiros do Río Furelos (Melide)	Catasol	7	300
Concello de Ordes	Cabrón	14	300
Serra de Outes. IES Poeta Añón	Tines	44	100
Plataforma defendendo oTea (Ponteareas)	Tea	13	600
Vai Polo Río (Pontevedra)	Rons	10	500
Concello de O Porriño			
Colectivo Ecoloxista do Salnés (Ribadumia)	Umia	7	600
Asociación Trezecatorze (Salceda de Caselas)	Caselas	16	200
ADEGA-Vigo (Vigo)	Eifonso e Lagares	17	300
Adegas-Mariña (Xove)	Rigueira	17	80
Concello de San Sadurniño	Aceiteiro	12	150
AETNA Asociación etnográfica (Fene)	Baa	25	200
Concello de Carral	Barcés	8	100
Concello de Muxía	Negro	6	200

Total:

Voluntarios/as: 276

Kg lixo: 6.930



Campamento de voluntariado ambiental do río Tea

No mes de outubro desenvolveuse a III edición do campamento de voluntariado ambiental no río Tea. Continuáronse os traballos de eliminación de especies de flora exótica invasora, iniciados o ano pasado.

A divulgación do impacto medioambiental que supón a introdución das exóticas invasoras é fundamental para o seu control e, sobre todo, para súa prevención, que despois da destrución do hábitat, resulta a segunda causa de perda de biodiversidade.

As persoas voluntarias que participaron neste campamento viñan de diversos ámbitos e lugares de Galicia. Universitarios, gardarríos, xardineiros, mestres, etc. Todos eles estiveron aloxados no albergue Alentea, na parroquia de Barciademera en réxime de

pensión completa. Nun entorno agradable con trato familiar e boa comida caseira.

Cada turno constou de tres xornadas; os venres pola tarde reservouse para a presentación e a charla coloquio sobre as Especies Exóticas Invasoras (EEI). Ofrecéuselles aos voluntarios unha carpeta con material didáctico, o programa do campamento, os dereitos e deberes dos voluntarios, o folleto do Proxecto Tea, o caderno de Plantas Exóticas invasoras do río Tea realizado polo Proxecto Ríos, o folleto de Especies exóticas invasoras en Galicia da Consellería de Medio Ambiente, un documento das principais especies exóticas do río Tea con información ampliada, a enquisa final de valoración, unha ficha de socio de Adega e un exemplar da revista Cerna de ADEGA.



Os sábados foron os días destinados ao traballo de campo. As actuacións centráronse no treito do Tea que vai dende os Pasos de Tatín ata a Ponte Cernadela, coa salvedade de que este ano por motivos meteorolóxicos fixéronse traballos trescentos metros augas arriba dos Pasos. O alto nivel de auga que no segundo turno impediu cruzar os pasos con seguridade deu pé a eliminar herbáceas na marxe esquerda augas arriba dos pasos. Nesta beira tamén se eliminaron especies no primeiro turno, nunha pequena praia fluvial. *Acacia dealbata*, bambú, tintureira e coniza foron as principais especies sobre as que se actuou. Puidéronse observar signos evidentes de rexeneración natural nas áreas de traballo, mostras do asentamento de especies autóctonas das primeiras etapas da sucesión ecolóxica.

Os domingos tocou descansar e facer a posta en común dos resultados anotados na ficha de campo. Momento de reflexión

e suxerencias varias. Logo realizáronse roteiros lúdicos. Unha visita a reitoral e igrexa de Barciademera e polo río Alén, no que puidemos ver a *Woodwardia radicans*, outro polo Tea aproveitando para facer unha limpeza de lixo e noutra xornada fíxose un descenso en piragua polo Tea.

Para a vindeira xeira, ano 2010, continuaranse os traballos de eliminación. Repartiranse os turnos do campamento ao longo das diferentes estacións co fin de facer un bo seguimento das áreas, adecuarse as épocas de floración das diferentes especies e experimentar con estaquillado de especies autóctonas.

O campamento do río Tea é xa un espazo consolidado de mellora fluvial dun ecosistema rico como é o LIC río Tea. Onde a educación ambiental, a participación cidadá na solución de problemas medioambientais e o disfrute da natureza danse cabida.



3. Nivel de participación

En 2009 o Proxecto Ríos cumpre cinco anos de existencia. Desde que en 2005 iniciamos a andaina, téñense sumado numerosos grupos de persoas a favor dos ríos. Comezamos o primeiro ano cunha experiencia piloto de 24 grupos, aumentando

de ano en ano até acadar os 283 grupos na actualidade. A evolución amosase na seguinte gráfica:



Participación por provincias

A participación dos 283 grupos que realizaron as inspeccións de río distribúese do seguinte xeito por provincias:



A provincia de A Coruña segue a ser o territorio que máis grupos de voluntarios ten participando, seguido por Pontevedra. Respecto ao ano pasado, a

provincia de Ourense tivo un pequeno aumento dos participantes e Lugo mantense estable.

Resposta do grupos

No seguinte diagrama pódese apreciar a resposta dos grupos por campañas:



A participación dos grupos referida ás inspeccións de río realizadas e enviadas á sede do Proxecto Ríos é maior na primavera que no outono. Recibíronse un total de 101 inspeccións, 63 en primavera e 38 en outono. Isto supón unha participación do 35,6% respecto do total dos grupos, valor que vai en aumento ano tras ano

En 2008 a resposta dos grupos foi moi similar. A campaña de outono segue a ser a que menor participación presenta. As causas poden ser derivadas dunha climatoloxía desfavorable Tamén, moitos centros de ensino atopan dificultades para programar as saídas en outono.

A participación por provincias das campañas aparece reflectida na seguinte gráfica:



As inspeccións recibidas por provincia teñen unha distribución máis irregular, sobre todo na provincia de A

Coruña, na que en outono a participación foi mais baixa respecto á de primavera.



4. Informe Anual 2009

Datos xerais


Neste apartado imos destacar os datos mais relevantes das inspeccións realizadas polo voluntariado do Proxecto Ríos (P.R.) ao longo do ano 2009. Trátase dun informe cualitativo onde se recolle a información do estado de saúde dos ríos galegos aportada polo voluntariado que está a participar no P.R.

A metodoloxía do Proxecto Ríos consiste na inspección e valoración das características biolóxicas, fisicoquímicas e posíbeis alteracións dos ecosistemas fluviais para chegar a coñecer o seu

estado de saúde e/ou conservación. Os/as participantes do P.R. fan un seguimento dúas veces ao ano (primavera e outono) dun treito de río que eles mesmos escollen. Os datos recollidos polos/as voluntarios/as son a fonte de información que nos permite elaborar este informe, co que pretendemos coñecer o estado de saúde dos nosos ríos e a implicación que o voluntariado ambiental galego ten no ámbito dos ecosistemas fluviais.

Aspecto da auga


A. Fluxo



O fluxo da auga no cauce é un parámetro fundamental para o desenvolvemento da vida no ecosistema fluvial. Na totalidade das inspeccións recibidas a auga fluía en primavera, mentres que en outono houbo treitos de río nos que a auga estaba estancada. Isto é debido a que o réxime dalgúns ríos depende directamente da


pluviosidade, sobre todo os da provincia de Ourense, e logo do verán poden sufrir un descenso importante do caudal. Os datos dos ríos nos que a auga non fluía corresponden a dous treitos do río Limia ao seu paso pola localidade de Xinzo, o que pode ser normal dado o seu réxime.

B. Cheiro da auga




A continuación analizamos parámetros subxectivos que os grupos de voluntarios analizan durante a inspección. O cheiro da auga na maioría dos treitos estudados foi inexistente, aparecendo nalgúns olores a sumidoiro, sobre todo cando o río pasa por zonas urbanas.

C. Cor da auga




A cor da auga tamén corresponde a un nivel máis superficial de análise do treito de río, e está moi relacionado co cheiro. Así, a presenza de augas turbias, lamacentas e grises corresponde a tramos que pasan por núcleos de poboación. Sen embargo, as augas transparentes dominan nas inspeccións realizadas.

D. Indicios na auga.



A presenza na auga de aceites, escumas e impurezas diversas pode provocar alteracións no equilibrio do ecosistema acuático sobre todo cando son moi frecuentes ou ocupan moita superficie no río. A súa orixe está relacionada na maioría dos casos coas actividades humanas, aínda que tamén poden ter unha orixe natural.


E. Estado das marxes dos treitos



A relación entre a saúde do río e o estado das marxes é moi estreita, dependendo en moitos casos unha da outra. O ecosistema acuático depende para o seu bo desenvolvemento do medio terrestre adxacente que lle aporta entre outras cousas os nutrientes necesarios aos animais e plantas do río. Marxes alteradas, erosionadas e/ou con infraestruturas son incompatibles coa boa saúde do río.


Nos treitos estudados as marxes presentaron grados de naturalidade aceptables, que o amosan a presenza de bosques, prados e vexetación. Outro factor a salientar é a antropización das marxes. Moitos dos treitos analizados presentan accesos para persoas, camiños á beira do río, urbanizacións e canalizacións.

F. Usos dos solos



Os usos do solo tamén son un factor que pode determinar o estado de saúde dun río. As actividades humanas nos ríos poden ser máis ou menos respectuosas con estes. Segundo as inspeccións recibidas, as actividades máis frecuentes son a agricultura, o uso residencial, as áreas de lecer, a gandería e as estradas.


G. Tipos de residuos



Os plásticos se consolidan, ano tras ano, como o residuo máis frecuente nos cursos fluviais, correspondéndolles o 26% do total. Outros tamén frecuentes son latas, vidro, ferralla, roupa e papel.

Características fisicoquímicas

A. Temperatura




A temperatura da auga é un parámetro que pode condicionar o desenvolvemento da vida, xa que dela depende directamente a cantidade de osíxeno disolto, osíxeno que precisan os animais que viven dentro da auga.

Os valores representados na gráfica nos din que se aprecia un lixeiro aumento na temperatura da auga, sen embargo os valores son normais para a nosa comunidade, estando o rango entre os 10-


20 °C. Esta tendencia pode ser preocupante de consolidarse en anos vindeiros, poñendo de manifesto a incidencia do cambio climático nos ecosistemas fluviais.

B. pH



O pH é outro factor fisicoquímico que os grupos teñen que medir nas súas inspeccións. Valores extremos de pH son incompatibles co desenvolvemento da vida, sendo os valores normais entre 5 e 7, como así o amosan a maioría das inspeccións recibidas.

C. Nitratos




Os nitratos nos mostran a cantidade de materia orgánica que está disolta na auga, e polo tanto a posible contaminación orgánica da auga, a súa eutrofización e a calidade ecolóxica da mesma para consumo humano ou para a súa potabilización. Valores maiores de 100mg/l nos indican contaminación orgánica na auga. Nas inspeccións realizadas os datos mostran que a auga presentaba concentracións de NO_3 baixos.

Estado de saúde dos ríos

A análise das comunidades de macroinvertebrados acuáticos é un dos métodos máis amplamente utilizado para determinar o estado ecolóxico das augas, debido a súa abundancia, o seu fácil recoñecemento e a súa sensibilidade ás perturbacións. O cálculo do estado de saúde dos ríos en base á presenza de determinados macroinvertebrados,

ofrece unha medida aproximada do estado das augas. A súa análise unida aos demais parámetros, amosa unha información moi valiosa dos treitos estudados. A escala de valores vai do 1 ao 5, sendo o primeiro un estado óptimo de saúde. O último estado indícanos que o río carece das condicións axeitadas para o desenvolvemento da vida.


Estado de saúde dos ríos: Primavera 2009



En primavera, o 58% dos treitos de río estudados tiñan un bo estado de saúde. Se manteñen os valores dos tramos que presentaron primeiros síntomas de contaminación, saúde deficiente e grave con respecto a 2008, consolidándose a idea de que as masas de auga superficiais están amosando un deterioro lento pero inexorable. Ríos con saúde deficiente foron o río Sar ao seu paso por Santiago

de Compostela, o río Beelle en Neda, o Tambre ao seu paso por San Xoán de Fecha, o río Currás en Vilanova de Arousa, os ríos Saído e Migués en Ferrol e o Limia en Xinzo. De saúde grave atopouse un treito inspeccionado do río Sar. Ningún río estudado polo voluntariado do Proxecto Ríos amosou unhas condicións de saúde moi graves.

Estado de saúde dos ríos: Outono 2009



Das inspeccións recibidas en outono, un 57% dos treitos analizados tiveron un bo estado de saúde, un 25% primeiros síntomas de contaminación, un 15% saúde deficiente, un 3% graves e ningún moi grave. Son uns resultados moi parecidos aos de primavera.. Se comparamos estes datos cos do ano pasado vemos que existe unha continuidade e incluso un certo empeoramento no estado de saúde

dos ríos (en outono de 2008 non se inspeccionou ningún río con saúde grave)

Con saúde deficiente temos os ríos Gafos, Lagares, Tambre, Loña e Limia. Amosou saúde grave o río Forxá ao seu paso por Guitiriz.

Estado do bosque de ribeira

A vexetación de ribeira, e sobre todo as árbores, cumpren funcións importantísimas no ecosistema fluvial. A degradación destas estruturas provoca o deterioro da calidade ecolóxica de todo o río.

Unha das conclusións tiradas do informe anual de 2008 foi a alteración que está a sufrir o bosque de ribeira nos ríos. Para

incidir neste tema e formar ao voluntariado, dende o Proxecto Ríos adicamos, este 2009, dous cursos ao uso do índice de calidade do bosque de ribeira empregado nas inspeccións (QRISI).

Os resultados veñen reflectidos nas seguintes gráficas.



Aínda que as marxes ben conservadas seguen a ser maioritarias nas inspeccións, continúa habendo ribeiras con alteracións importantes, como é o caso das marxes dereitas dos datos das inspeccións de primavera, que é a porcentaxe maioritaria. Se sumamos as marxes con alteracións importantes coas moi degradadas, superan a aquelas ben conservadas, tanto en primavera como en outono.



Esta tendencia que xa puxemos de manifesto no informe de 2008, parece continuar en 2009. O bosque de ribeira é unha estrutura complexa que necesita tempo para se recuperar. De continuar esta deriva atoparémonos cada vez máis con ríos máis enfermos e cunha maior complexidade na súa capacidade de recuperación.




Datos por concas

A continuación presentamos o estudo por concas das inspeccións achegadas polos/as voluntarios/as do Proxecto Ríos.

Entendemos que este tratamento pódenos dar unha visión máis global do estado de saúde das augas que se drenan nunha mesma área xeográfica.


Participación por concas




As concas máis estudadas son as das Rías Baixas (49%) e Miño (23%). As tres restantes teñen menor representatividade en canto a grupos

participantes, non superando o 30%, pero están en alza e cada ano se están a sumar novos grupos destas concas ao proxecto.


Resposta dos grupos: Primavera




Resposta dos grupos: Outono




Conca das Rías Baixas



Tanto en primavera como en outono, a temperatura da auga presentou valores normais, tal e como se reflicte no diagrama adxunto.




O pH rexistrou na conca do Miño, nos treitos analizados, valores normais para as augas galegas.




As augas que se drenan nesta conca tiveron baixos valores de nitróxeno disolto, o que revela ausencia de contaminación orgánica nos treitos estudados.

Estado de saúde 09




Na maioría das inspeccións realizadas nesta conca, os ríos amosaron un estado de saúde óptimo, aínda que a presenza de treitos con primeiros síntomas de contaminación e saúde deficiente tamén teñen unha presenza salientable, tanto en primavera como en outono.

Estado de saúde primavera 09




- San
- Primeiros síntomas
- Deficiente
- Grave
- Moi grave

Estado de saúde outono 09



Estado do bosque de ribeira



O estado do bosque de ribeira dos tramos inspeccionados na conca das Rías Baixas presentou alteracións importantes e alta degradación na maioría dos ríos. É

preocupante a tendencia de deterioro das marxes que están acadando os cursos fluviais, deriva que xa se puxo de manifesto no informe dos ríos de 2008.


Treitos de río inspeccionados en primavera:

Catoira; Rego ameiro; Verdugo (2 inspeccións); Deza; Sarela (2 inspeccións); Chonia; Lérez; Loira; Ulla; Valga; Brandoso; Carracedo/Iso; Umia; Coroño; Liñares; Sar (4 inspeccións); Santa Susana; Da Chanca; Currás; Tambre; Lameiriña; Pego.


Treitos de río inspeccionados en outono:

Gafos; Tambre (2 inspeccións); Pintillón; Chonia; Pego; Liñares (2 inspeccións); Valga; Da Chanca; Catoira; Miñor (4 inspeccións); Ulla; Lérez; Saiñas; Umia; Lameiriña; Lagares; Eifonso.


Conca do Arco Ártabro e Fisterrá



Nas concas do Arco Ártabro e Fisterrá, a temperatura da auga amosou valores normais nos treitos analizados.




O pH tamén tivo valores normais nas concas do arco ártabro, estando a maioría das inspeccións entre 6 e 7.



O nitróxeno disolto na auga en forma NO_3 foi baixo nos tramos estudados desta conca, non revelando contaminación orgánica en ningún deles.

Estado de saúde 09



Sumando os resultados das dúas campañas, o estado de saúde dos treitos estudados foron nun 37,5% sans e con primeiros síntomas. O 25% amosaron saúde deficiente, que corresponderon aos ríos Beelle, Migués e Saído.

Estado de saúde primavera 09




Estado de saúde outono 09




- San
- Primeiros síntomas
- Deficiente
- Grave
- Moi grave

Estado do bosque de ribeira

Estado do bosque de ribeira: Primavera



Estado do bosque de ribeira: Outono



En canto ao bosque de ribeira, a maioría das marxes analizadas amosaron alteracións importantes (50%) e un 25%

correspondeu a marxes moi degradadas. O resto, presentou marxes ben conservadas.


Treitos de ríos inspeccionados, primavera.

Castro; Baa; Mendo; Saído; Migués; Roxadoiro; San Xurxo; Belelle (2 inspeccións); Brexa.


Treitos de río inspeccionados, outono.

Brex.


Conca do Limia - Douro



En canto á Tª, na conca do Limia-Douro os tramos onde se mediu este parámetro amosaron valores normais, tendo en conta que nesta zona os ríos presentan características mediterráneas.




Tamén o pH amosou valores normais, estando a media dos datos recollidos entre 5 e 6.



En todos os treitos onde se mediu a concentración de nitratos apareceron valores inferiores a 10 mg/l, tanto en primavera como en outono, o que revela ausencia de contaminación orgánica.

Estado de saúde 09

Estado de saúde dos ríos



Un treito do río Limia ao seu paso por Xinzo amosou saúde deficiente tanto en primavera como en outono. Ademais nesta época do ano a auga non fluía. O resto das inspeccións se repartiron entre aqueles treitos con boa saúde e con primeiros síntomas de contaminación.


Estado de saúde primavera 09



Estado de saúde outono 09



Estado do bosque de ribeira



Contemplando a calidade do bosque de ribeira nas dúas épocas do ano nas que se realizan inspeccións, pódese apreciar que

as alteracións das marxes supoñen un 54% do total, mentres que as que están ben conservadas son o 46%.

Treitos de río inspeccionados na primavera .


Eiroá; Limia (2 inspeccións); Cadós; Támega.

Treitos de ríos inspeccionados no outono.


Eiroá; Limia (2 inspeccións).




Conca do Cantábrico



A temperatura media da auga dos ríos estudados que verten ao Cantábrico é de 10-15 °C, tal e como aparece na figura anexa.




En canto aos valores de pH, o rango medio está comprendido entre 5 e 7 na maioría das inspeccións achegadas polo voluntariado.




A contaminación orgánica, representada como a concentración de NO₃ disolta na auga presentou valores normais en todos os treitos estudados nesta conca.

Estado de saúde dos ríos




O estado de saúde dos tramos de ríos analizados en primavera e outono presentaron boas condicións nun 66% e primeiros síntomas de contaminación nun 34%, non aparecendo ningún treito con saúde deficiente, grave ou moi grave.

Estado de saúde primavera 2009.





Estado de saúde outono 2009.



- San
- Primeiros síntomas
- Deficiente
- Grave
- Moi grave

Estado do bosque de ribeira



En canto á calidade do bosque de ribeira, os resultados das inspeccións das marxes amosan que un 55% delas están ben

conservados, mentres que con alteracións importantes apareceron o 45%.


Treitos de ríos inspeccionados en primavera.

Xunco (2 inspeccións); Mera; Grande (3 inspeccións).


Treitos de río inspeccionados en outono.

Xunco (2 inspeccións); Mera.


Conca do Miño



Tanto en primavera como en outono, a temperatura da auga presentou valores normais, tal e como se reflicte no diagrama adxunto.




O pH rexistrou na conca do Miño, nos treitos analizados, valores normais para as augas galegas.



As augas que se drenan nesta conca tiveron baixos valores de nitróxeno disolto, o que revela ausencia de contaminación orgánica nos treitos estudados.


Estado de saúde dos ríos




A saúde dos ríos inspeccionados na conca do Miño foi nun 68% bo. Con primeiros síntomas apareceron un 22% dos treitos estudados. É de salientar os tramos con saúde deficiente e grave, ríos Lonía e Forxá respectivamente, estudados na campaña de outono.




Estado de saúde primavera 2009.



Estado de saúde outono 2009.



Estado do bosque de ribeira



En canto ao estado de conservación do bosque de ribeira, o 60% dos treitos estudados estaban en bo estado de conservación, mentres que o 35% tiñan

alteracións importantes e o restante, 5%, moi degradados, contemplando as dúas campañas de forma conxunta.

Treitos de río inspeccionados en primavera:

Tripes; Termes (2 inspeccións); Mera; Cereixo da Briña; Veiga; Rato; Sil; Xabriña; Lonia (2 inspeccións); Deique.

Treitos de río inspeccionados en outono:

Forxá; Lonia; Veiga; Bibei; Deique; Rato; Termes (2 inspeccións); Cereixo da Briña.



A vida no río: Especies exóticas invasoras

A introducción de especies exóticas invasoras (EEI) considérase, despois da destrución do hábitat, a ameaza máis importante na perda de biodiversidade, así como unha das principais causas de extincións de especies autóctonas. Denomínanse EEI, os animais e plantas alóctonas, introducidas, que teñen a capacidade de reproducirse e perpetuarse no novo medio, competindo e desplazando ás especies autóctonas.

As EEI aprecian un incremento continuado en todos os grupos taxonómicos, tanto en animais como en vexetais. Tendencia que se prevé seguirá aumentando tanto en superficie ocupada como en novas bioinvasións, favorecido polo cambio climático e pola continuada degradación do territorio.

Os cursos fluviais son hábitats especialmente sensibles e vulnerables ao éxito das bioinvasións polas súas peculiaridades e algunhas das EEI máis perigosas como o cangrexo americano,


mexilón cebra, curricula, xacinto de auga e tartaruga florida están precisamente ligadas aos ríos. Curiosamente e a pesar da súa gravidade, esta problemática apenas é traballada en programas de educación e voluntariado ambiental.

Por este motivo o Proxecto Ríos editou dúas novas fichas de identificación de especies exóticas invasoras, tanto de fauna como de flora, co fin de que o voluntariado estableza unha diagnose do estado de ocupación de estas especies nos treitos elexidos.

Nos seguintes diagramas aparecen as especies máis comúns de flora e fauna exótica invasora dos nosos ríos. A finalidade deste estudo é facer un censo coa presenza destes organismos nos ríos e dar a coñecer esta problemática ao voluntariado. Facemos este estudo por concas xa que resulta máis visual a acción destas especies nunha área xeográfica concreta


Conca das Rías Baixas

Na conca das Rías Baixas foi onde máis datos recibimos referidos ás especies exótica invasoras.



En canto á flora as especies que con máis frecuencia apareceron foron o eucalipto, a falsa acacia, a herba tintureira e a tradescantia, seguidas moi de cerca pola mimosa, tritonia, cana e acacia negra. Outras tiveron menor abundancia en canto á presenza en diferentes ríos, pero non desprezables por ese motivo. A peste da auga (*Egeria densa*) estivo presente en a lo menos dous treitos inspeccionados.


Fauna



A fauna, dada a súa difícil observación, foi a que menos representación tivo nos datos aportados nas inspeccións dos grupos. Aínda así, se localizou a ameixa asiática (*Corbicula fluminea*) no río Tambre e tamén se avistou ou se atoparon restos de visón americano.

Conca do Miño


Flora



Na conca do Miño, os datos aportados polo voluntariado non foron moi significativos, chegando tan só datos en tres inspeccións realizadas e só de flora, non atopándose ningún exemplar ou resto de fauna exótica. Como se pode apreciar na figura adxunta, o eucalipto volve a ser a invasora máis frecuente nos ríos, xunto, neste caso, á herba da pampa.

Conca Artabro e Fisterra


Flora



Nas concas do arco ártabro aportáronse datos só de flora.


Xunto co omnipresente eucalipto apareceron outras especies como a falsa acacia, a tradescantia, a cala, a cana ou a mimosa e acacia negra. A tritonia tamén apareceu nas marxes dun treito estudado nesta conca.

Conca do Limia – Douro




Na conca do Limia – Douro, dadas as poucas inspeccións recibidas, os datos corresponden a un treito estudado do río Limia.

Estiveron presentes no río Limia as mimosas, acacias negras, herba da pampa e o fento de auga (*Azolla filiculoides*), que aparece neste río a finais do verán cando queda coa auga estancada.



En canto á fauna, o caranguexo sinal foi o único representante. Este caranguexo se atopa nos ríos máis orientais do noso país e supón, xunto co caranguexo vermello americano, un dos principais factores da desaparición do caranguexo autóctono.

Conca do Cantábrico



Nos ríos que verten ao Cantábrico, os voluntarios e voluntarias recolleron só datos de presenza de flora exótica invasora.

A tradescantia (*Tradescantia fluminensis*) é unha herbácea tapizante que medra en zonas húmidas e umbrias que apareceu en tres treitos inspeccionados desta conca. O eucalipto foi a segunda especie exótica presente.

Conclusións

Participación

En 2009 os grupos que se sumaron ao proxecto foron 32, acadando un total de 283. Da totalidade destes grupos enviaron os resultados das súas inspeccións de río o 35,6%, porcentaxe que está en incremento ano tras ano (en 2008 responderon o 32%).

A participación no proxecto é fundamental para acadar unha rede de cidadáns eficaz que traballe na conservación e mellora dos nosos ríos. Dende o Proxecto Ríos canalizamos os nosos esforzos para proporcionar aos participantes as ferramentas necesarias que lles permita realizar as súas análises nos treitos de río escollidos.

As actividades organizadas dende o proxecto durante as campañas e fora

delas teñen ademais unha elevada participación, completándose as prazas en todas elas: roteiríos, cursos de formación, encontro de voluntariado, campos de voluntariado, limpeza de ríos, etc...

En canto á participación por provincias, os datos amosan que a tendencia se mantén durante os sucesivos anos, sendo a provincia de A Coruña a que máis grupos aglutina e na que máis participación se rexistra (51%), seguida pola de Pontevedra (30%). Nas provincias do interior, Lugo e Ourense apréciase un incremento moderado tanto en grupos participantes como na súa resposta cunhas porcentaxes de 12% e 7% respectivamente.

Parámetros físico - químicos

Como parámetros físico - químicos da auga consideramos a temperatura, o pH, os nitratos e a transparencia.

Na maioría das inspeccións realizadas os rango de temperatura da auga oscilou entre os 10 e 20 °C, valores normais para as nosas augas.

En canto á acidez e basicidade da auga os valores manexados nas inspeccións recibidas amosan que o rango medio se estableceu entre pH de 5 a 8, valores tamén normais para as augas dos ríos galegos.

A concentración de materia orgánica disolta na auga mídese coa presenza de nitratos. En todas as inspeccións recibidas a concentración de NO_3 foi maioritariamente entre 0 e 10 mg/l.

En canto á transparencia da auga, que limita a incidencia dos raios solares na columna de auga, en case todos os treitos estudados as augas eran transparentes, atopándose nalgúns casos certa turbidez debida fundamentalmente ás enchentes.

Parámetros biolóxicos

Os índices biolóxicos son a peza fundamental para establecer o estado de saúde dun treito de río, xa que cando o río sofre algún impacto, estes indicadores son máis fiables, que outro tipo de parámetros.

No estado de saúde dos ríos empregamos a análise de macroinvertebrados, larvas e ninfas de insectos, moluscos, crustáceos e outros grupos de invertebrados, para establecer como é ese estado.

En primavera o 58% dos ríos amosaron bo estado de saúde, o 27% primeiros síntomas de contaminación, o 13% saúde deficiente e o 12% grave, non aparecendo ningún treito con síntomas de saúde moi grave. Chama a atención, respecto a 2008, o aumento de treitos de ríos con saúde grave, que o ano pasado foi do 2%.

En outono os treitos estudados amosaron nun 57% boa saúde, nun 25% con primeiros síntomas, un 15% con saúde deficiente en un 3% grave, non aparecendo tampouco ningún treito con saúde moi grave.

Estes datos amosan que ano tras ano os nosos ríos están a sufrir un

deterioro que pode chegar a ser preocupante, en vez de ir cara unha melloría como así o establece a Directiva Marco da Auga da Comunidade Europea. Esperamos que estes resultados, obtidos polo voluntariado, sirva de acicate para as administracións e para que se poñan a traballar en serio na conservación e mellora dos nosos ríos.

En canto á calidade das marxes dos ríos, empregamos índices que analizan a estrutura do bosque de ribeira, a conectividade coas zonas adxacentes e a continuidade da vexetación ao longo do río. No informe de 2008, unha das conclusións sacadas foi a tendencia á degradación que estaban presentando as marxes dos nosos ríos. Esta tendencia se consolida neste informe, poñendo de manifesto as agresións que sofren as marxes dos ecosistemas fluviais. Tanto en primavera como en outono as marxes con alteracións importantes e as moi degradadas superan a aquelas en bo estado de conservación. A destrución do hábitat é o primeiro factor responsable na perda de biodiversidade, e polo tanto condiciona directamente o estado de saúde dos ecosistemas fluviais.



Estudo por concas

O estudo das concas hidrográficas nas que se dividen os diferentes ríos galegos está reflectida nas seguintes

táboas, unha para o estado de saúde e outra para a conservación do bosque de ribeira.

Estado de saúde dos ríos

	Sa	Primeiros síntomas	Deficiente	Grave	Moi grave
Rías Baixas	60%	26%	12%	2%	0%
Miño	68%	22%	5%	5%	0%
Arco Ártabro e Fisterrá	37,5%	37,5%	25%	0%	0%
Limia-Douro	62,5%	12,5%	25%	0%	0%
Cantábrica	66%	34%	0%	0%	0%

Na conca das Rías Baixas os datos máis negativos relacionados co estado de saúde corresponden aos ríos Sar, Currás, Gafos e Tambre con saúde deficiente e un treito do Sar con saúde grave. Na conca do Miño o río Lonia tiña saúde deficiente e o Forxá, ao seu paso por Guitiriz, con saúde grave. No Arco Ártabro e Fisterrá os ríos con saúde deficiente foron o Beelle, Migués e Saído. Na conca do Limia – Douro o río Limia tiña saúde

deficiente tanto en primavera como en outono. No Cantábrico os ríos inspeccionados tiveron como peor resultado primeiros síntomas de contaminación.

Comparando estes datos cos de 2008, apréciase un moderado aumento do deterioro das condicións de saúde nos treitos inspeccionados. En 2008 non apareceu ningún treito con saúde grave.



Calidade do bosque de ribeira.

	Ben conservado	Alteracións Importantes	Moi degradado
Rías Baixas	45%	44%	11%
Miño	60%	35%	5%
Arco Ártabro e Fisterrá	25%	50%	25%
Limia-Douro	46%	54%	0%
Cantábrica	55%	45%	0%

Os treitos con algunha das súas marxes moi degradadas corresponderon aos ríos: Umia, Catoira, Currás, Da Chanca e Sarela nas Rías Baixas; Loira, Sil e Forxá no Miño e Migués, Roxadoiro e San Xurxo no Arco Ártabro e Fisterrá. Treitos de río con alteracións importantes nalgunha das súas marxes houbo bastantes como se pode ver na táboa. Algúns exemplos son: o Tambre, Sar, Verdugo, Limia, Xunco, Brexa, Belelle, Lonia e Termes. No resto das inspeccións o bosque de ribeira foi considerado como ben conservado.

O aumento da degradación das marxes dos ríos é un feito que se pon de manifesto nas inspeccións achegadas polo voluntariado ambiental do Proxecto Ríos. Esta tendencia ven xa dende o informe de 2008. Outro factor que repercute na degradación da vexetación de ribeira é a presenza de especies exóticas invasoras, que compiten polo espazo e os recursos coas especies autóctonas.



5. Rede Ibérica de Proyecto Ríos

O Proxecto Ríos é unha iniciativa que xorde en Cataluña en 1997 da man da Asociació Hábitats. Logo de 11 anos de implantación, actualmente converteuse nunha iniciativa conxunta que se desenvolve de forma paralela en cinco territorios máis: a Rede Hidrográfica do Júcar, a Comunidade Autónoma de Madrid, Cantabria, Galiza e, fóra do Estado, en Portugal. Isto fai que hoxe día, o Proxecto Ríos conte con máis de 1.400 grupos de voluntarios en toda a península ibérica.

A pesar de que todos compartimos unha filosofía e unha metodoloxía común, en cada un deses lugares diferentes entidades fanse cargo de aplicar e adaptar a metodoloxía. Isto fai posible a aplicación dunha iniciativa pioneira cun amplo ámbito xeográfico de actuación, que recoñece en todos os lugares nos que

opera a capacidade da sociedade, organizada ou non, de idade adulta ou escolar, de decidir e actuar en defensa dos ríos desde territorios concretos, pero con conciencia global e co fin común de mellorar a nosa contorna natural, xerando o legado das xeracións vindeiras, beneficiarias do esforzo que realiza o groso do noso voluntariado.

As iniciativas levadas a cabo nos distintos territorios están adquirindo cada vez máis presenza no campo do voluntariado ambiental e a participación cidadá e son, sen dúbida, un referente no campo da educación e a intervención ambiental en relación á conservación, o coñecemento e a mellora dos espazos fluviais.

Neste contexto, a necesidade de aglutinar experiencias, compartilas e dar saída a inquietudes ou problemas comúns


ou locais foi o xerme que empezou a expor a necesidade de tecer unha Rede de traballo común.

Hoxe en día, a Rede Proxecto Ríos defínese como unha rede de entidades que desenvolven a iniciativa Proxecto Ríos en distintos territorios da Península Ibérica. O principal obxectivo desta Rede Proxecto Ríos é pór en común as actividades e metodoloxías dos distintos Proxecto Ríos (Catalunya, Comunitat Valenciana, Galiza, Cantabria, Madrid e Portugal) para lograr unha mellor coordinación xeral e divulgación das súas iniciativas.

A creación dunha rede permanente será a mellor ferramenta para asegurar a mellora continua do proxecto, a través da posta en común de metodoloxías concretas e innovacións que poidan

xurdir e a creación de espazos de intercambio comúns para aprender dos erros detectados, así como a realización de talleres prácticos e actividades formativas conxuntas para mellorar a capacidade de traballo dos distintos equipos técnicos. Á súa vez, permitirá unha mellor e máis eficaz coordinación do voluntariado ambiental e a participación cidadá nos diferentes territorios. Xa que logo, as funcións da rede poderían resumirse en:

- Encontros semestrais entre os coordinadores dos diferentes territorios.
- Tradución e adaptación de materiais.
- Intercambio de metodoloxías e coñecementos.
- Intercambio de experiencias e voluntarios.



6. Anexos



Materiais Editados

Todos os anos, no Proxecto Ríos, editamos diferentes tipos de materiais que complementan e reforzan as actividades que dende a organización propoñemos. A maioría destes materiais son divulgativos, pero outros corresponden a novos proxectos que nacen do proxecto principal, ou a novos materiais que empregarán os grupos de voluntarios/as nas súas inspeccións de río.

CALENDA-RÍO 2009: Co inicio do ano no Proxecto Ríos editamos un calendario, que achegamos a todos/as participantes co obxectivo de informar das actividades previstas para ese ano.

PROGRAMA RÍOS DE LÍNGUA E CULTURA: Levamos traballando ano e medio no deseño deste programa que pretende recuperar os nomes de flora e fauna asociada aos ríos mediante a súa recollida, realizando entrevistas a aquelas persoas que máis de cerca viven nos ríos. No mes de febreiro presentamos o proxecto en sociedade coa edición dos materiais divulgativos: un cartaz e unha tarxeta. Durante este ano 2009 estivemos traballando no deseño da metodoloxía para editar un manual para a recollida de nomes, e nos materiais propios da recollida: follas de resultados, fichas de identificación mudas, etc. que editaremos en 2010 para comezar o desenvolvemento do programa.

ROTEIRRÍOS 09: Para divulgar esta actividade editamos un tarxetón coa programación dos roteiros que se desenvolveron durante a primavera de 2009. Logo, para a realización de cada un dos roteiros, fixemos materiais impresos

que explicaban as súas características e que foron entregados aos participantes.

CALENDARIO FENOLÓXICO: Por segundo ano consecutivo, os/as participantes no Proxecto Ríos realizaron esta actividade de seguimento da floración de diferentes especies de árbores de ribeira e plantas acuáticas que medran nos nosos ríos. Para esta actividade editouse unha ficha de inspección que foi enviada a todos os grupos participantes no proxecto.

FICHAS DE IDENTIFICACIÓN DE ESPECIES EXÓTICAS INVASORAS: Co inicio da campaña de primavera de 2009 engadimos novo material de inspección ao proxecto. Editamos dúas novas fichas sobre fauna e flora exótica invasora que pode estar presente nos cursos fluviais, para que os grupos realicen un inventario dos organismos presentes nos seus treitos de río. Estas fichas foron enviadas a todos os participantes. Tamén se modificaron as follas de resultados e a folla resumo que deben cubrir os/as voluntarios/as nas súas inspeccións.

CURSO DE FORMACIÓN PRIMAVERA 2009: Nesta xornada de formación, que se desenvolve durante a campaña de primavera, editouse un cartaz divulgativo co programa do curso.

CAMPO DE VOLUNTARIADO AMBIENTAL NO RÍO TEA: Continuando co campo de voluntariado de 2008, desenvolveuse no mes de maio, un campo de seguimento dos traballos realizados. Para tal efecto, editouse material divulgativo das xornadas de traballo de eliminación de flora exótica invasora que tamén foi difundido pola rede.

ENCUENTRO DE VOLUNTARIADO:

Celebrado en Santiago de Compostela, os quintos encontros de voluntariado do Proxecto Ríos foron unhas xornadas onde os grupos participantes foron os protagonistas. Para o seu desenvolvemento e para garantir a participación, editáronse cartaces divulgativos coa programación e a temática dos encontros. Tamén se elaborou unha enquisa específica para valorar estas xornadas e así poder mellorar en futuras edicións.

III CAMPO DE VOLUNTARIADO AMBIENTAL DO RÍO TEA:

No mes de setembro editamos os cartaces e trípticos divulgativos do campo de voluntariado do río Tea que se desenvolveron en outubro. Este material foi enviado a todos os participantes do Proxecto Ríos e aos concellos limítrofes da bacía do Tea. Para divulgar as actividades que se están a

desenvolver no Tea, editouse un tríptico co título de **“Proxecto Tea”** onde se comenta de xeito resumido as actividades realizadas ao longo de tres anos arredor do río Tea.

CURSO DE FORMACIÓN OUTONO 2009:

Igual que en primavera, en outono realizouse o curso de formación de coordinadores do Proxecto Ríos, para o que se editou un cartaz divulgativo coa programación do mesmo.

II LIMPEZA SIMULTÁNEA DE RÍOS:

Continuamos en 2009 coa segunda edición da limpeza simultánea de ríos en diferentes concellos de Galiza. Para promocionar a actividade editouse un cartaz divulgativo que foi repartido por todos os lugares onde se desenvolveron as limpezas. Ademais, reeditamos o protocolo de actuación sobre a limpeza ecolóxica dun río e camisolas que se lle entregaron a todos os participantes.



alguns dos materiais editados

Actividades mensuais do Proxecto Ríos

XANEIRO

- 15/01/09 Entrevista Radio ECA-Informe Anual 2009
- 16/01/09 Programa natureza-TVG- Informe Anual 2009
- 19/01/09 Radio Voz- Informe Anual 2009
- 19/01/09 Periódico La opinión-A calidade das augas do 40% dos ríos do arco ártabro e fisterrá é deficiente

FEBREIRO

- 04/02/09 Rolda de Prensa para a Presentación do Calendario 09 e Roteirríos 09
- 05/02/09 Periódico Galicia Hoxe- Descubrindo o lado humano dos ríos
- 06/02/09 Periódico La Voz de Galicia Santiago- El Proxecto Ríos pondrá en valor el patrimonio etnográfico fluvial de Galicia
- 06/02/09 Periódico La Voz de Galicia Carballo-EL Proxecto Ríos de ADEGA incluirá este año rutas por los batáns de Mosquetín.
- 07/02/09 Entrevista Radio Cadena Ser
- 10/02/09 Entrevista Radio Fusión, programa os Viraventos-Os pozos de Castieixas.
- 11/02/09 Rolda de Prensa para a Presentación do Ríos de Lingua e Cultura
- 11/02/09 Entrevista Radio Galega, programa O tren do serán-Ríos de Lingua e Cultura
- 11/02/09 Páxina web Cultturagalega.org Preséntase ríos de lingua e cultura
- 12/02/09 Entrevista Radio Cerna, Ríos de Lingua e Cultura
- 13/02/09 Entrevista Radio Cerna, Presentación do Calendario 09 e Roteirríos 09
- 13/02/09 Periódico dixital Vieiros Proxecto Ríos presentou hoxe Ríos de Lingua e Cultura
- 14/02/09 III Xornadas Voluntariado Ambiental Pozos de Castieixas
- 15/02/09 III Xornadas Voluntariado Ambiental Pozos de Castieixas

MARZO

- 06/03/09 Presentación na Sociedade de Caza e Pesca de Silleda
- 05/03/09 Entrevista Radio Voz, EA e Proxecto Ríos
- 07/03/09 Saída Formativa no Concello de Muxía
- 08/03/09 Saída Formativa coa Sociedade de Caza e Pesca de Silleda
- 11/03/09 Periódico La Voz de Galicia-Ed. Carballo- *Adega extiende a los batáns do mosquetín su programa de itinerarios roteirríos*
- 14/03/09 Saída Formativa coa UNED
- 14/03/09 Roteirríos 09. Batáns de Mosquetín. Vimianzo
- 15/03/09 Periódico La voz de Galicia-Ed carballo-*De marcha por el río grande*
- 24/03/09 Saída PR IES Rosalía de Castro
- 25/03/09 Saída PR IES Rosalía de Castro
- 27/03/09 Presentación e saída formativa no CPI Viaño Pequeno de Trazo
- 28/03/09 Ponencia do Proxecto Ríos, *Curso Participación, Educación e divulgación Ambiental*, 26,27 e 28 de Marzo. Universidade de Santiago de Compostela
- 30/03/09 Presentación do Proxecto Ríos na UDC.
- 30/03/09 Reunión co Concello de Oroso
- 31/03/09 Saída PR CPI Viaño Pequeno Trazo.

ABRIL

- 01/04/09 Saída formativa na UDC
- 02/04/09 Saída formativa no CEIP Chans-Bembrive de Vigo
- 02/04/09 Presentación do proxecto Ríos no Concello de Ordes
- 07/04/09 Presentación do resultado do campo de voluntariado ambiental do río tea, na presentación da convocatoria 2009 de Voluntariado e EA en ríos no MARM
- 08/04/09 Periódico Galicia Hoxe- *O proxecto Ríos exemplo no estado*
- 14/04/09 Presentación da Campaña de primavera, Club de prensa-12.00h
- 14/04/09 Prensa dixital Vieiros. *Adega reforzará a busca de especies invasoras nos cursos fluviais na campaña de primavera do Proxecto Ríos*

- 14/04/09 radio Galega O tren do serán
- 14/04/09 radio Cope.
- 15/04/09 Periódico Galicia hoxe *A degradación dos bosques de ribeira centra a nova edición do Proxecto Ríos.*
- 15/04/09 periódico la Voz de Galicia-Ourense *Adega y Proxecto Ríos incluye una actividad en Allariz dentro de su programa de rutas anuales Adega y Proxecto Ríos incluye una actividad en Allariz dentro de su programa de rutas anuales.*
- 15/04/09 periódico La voz de Galicia *La campaña primaveral del Proxecto Ríos se centrará en la evaluación del bosque de ribera.*
- 16/04/09 Presentación do PR no barco de Valdeorras, na semana do ambiente.
- 17/04/09 saída formativa no barco dentro da Semana do ambiente.
- 18/04/09 IX Xornadas de Formación de coordinadores de grupo do PR, EHEC, Vilagarcía de Arousa.
- 23/04/09 saída formativa IES Pontecaldelas.
- 22/04/09 mesa de traballo especies invasoras, CHN.
- 25/04/09 Roteirríos 09 Allariz.
- 26/04/09 saída formativa Concello de Vigo, río Eifonso.
- 29/04/09 saída Formativa IES Xelmirez II, río Sarela.

MAIO

- 07/05/09 Saída Formativa IES Arzúa.
- 08/05/09 Saída Formativa Val de Esmelle-Ferrol.
- 09/05/09 Saída formativa Ribadeo.
- 11/05/09 Saída Formativa no IES de Muxía.
- 12/05/09 Saída Formativa CPI Castro Caldelas.
- 14/05/09 Saída Formativa Concello do Barco de Valdeorras.
- 16/05/09 Saída Formativa Asociación Cultural O Castro e O Rabo do Galo (Miño).
- 16/05/09 Saída Formativa Concello de Ordes.
- 19/05/09 Saída Formativa CEIP de Barro.

- 22/05/09 Saída Formativa -Barco de Valdeorras.
- 22/05/09 Saída Formativa CEIP Otero Pedraio-Barco de Valdeorras.
- 26/05/09 Saída Formativa co IES A Piringalla de Lugo.
- 27/05/09 Saída Formativa co CEIP de Cervo.
- 28/05/09 Saída Formativa co IES Marqués de Sargadelos (Cervo).

XUÑO

- 01/06/09 Saída Formativa coa Fundación Ortegalia (Ortigueira).
- 06/06/09 Charla e Saída Formativa coa Asociación Arelas de Aquelar (Sanxenxo).
- 15/06/09 Saída Formativa coa asociación AETNA (Fene).
- 20/06/09 V Encontros de Voluntariado do Proxecto Ríos (Museo do Pobo Galego).
- 24/06/09 Presentación Proxecto Ríos na Asociación AETNA (Fene).
- 25-27/06/09 VI Xornadas galegas de EA.
- 27,28 e 29/06/09 Asistencia aos encontros da Red Ibérica de Proyecto Ríos.

XULLO

- 18-19/07/09 Jornadas de pesca sostenible, San Tirso D'Abres.
- 21/07/09 Saída Formativa Concello de Vedra.

AGOSTO

- 26/08/09 Actividade no río Sarela no programa do Concello de Santiago: “Vive o Verán”.

SETEMBRO

- 03/09/09 Asesoramento adopción de ríos Concello de Muxía.
- 15/09/09 inicio da campaña de outono do PR.
- 17/09/09 Entrevista con Miguel Piñeiro no programa Ríos e Montes da Radio Galega.
- 21/09/09 Saída Formativa coa Asociación de Discapacitados de Allariz.

- 21-24 de setembro Curso de formación na mariña CIG.
- 23/09/09 Rolda de Prensa Limpeza simultánea de ríos.
- 23/09/09 Entrevista radio galega Limpeza simultánea de ríos
- 26/09/09 X Curso de formación de PR.
- 27/09/09 Limpeza simultánea de ríos.
- 29/09/09 Charla PR no CEIDA.

OUTUBRO

- 01/10/09 Entrevista Radio Cerna. Campo de Voluntariado do Río Tea.
- 05/10/09 Rolda de prensa presentación do Campo de Voluntariado do Río Tea.
- 13/10/09 Saída Formativa co IES de Monterroso.
- 14/10/09 Entrevista PR Cadena Ser El Bierzo.
- 27/10/09 Saída Formativa co IES de Arzúa.
- 28/10/09 Saída Formativa co CEIP de Cervo.
- 29/10/2009 Saída Formativa co IES Marqués de Sargadelos (Cervo).
- 29/10/09 Jornadas "Agua, Medio Ambiente y Participación, Abegondo, CEIDA.

NOVIEMBRE

- 5/11/2009 Entrevista Proxecto Ríos en Radio Culleredo.
- 12/11/2009 Presentación do Proxecto Ríos na Facultade de Xeografía e Historia da USC.
- 13/11/2009 Saída formativa Facultade de Xeografía e Historia da USC. Río Sarela.
- 13/11/2009 Conferencia sobre o Proxecto Ríos no Curso Básico de Voluntariado da USC. Facultade de matemáticas.
- 24-27/11/2009 III Congreso nacional sobre especies Exóticas Invasoras, 24-27 de Novembro, Zaragoza, Grupo de especialistas en Invasións Biolóxicas (GEIB).

Aparición en medios de comunicación

A continuación expoñemos a repercusión das actividades do Proxecto Ríos na prensa escrita durante este ano 2009. Aparecen os xornais máis relevantes da nosa comunidade.

La Voz de Galicia.

- “El Proxecto Ríos pondrá en valor el patrimonio etnográfico fluvial de Galicia” (06/02/09). Edición Santiago.
- “El Proxecto Ríos de Adegas incluirá este año rutas hasta los Batáns do Mosquetín” Roteiríos 09 (06/02/09). Edición Carballo.
- “Adegas y Proxecto Ríos incluye una actividad en Allariz dentro de su programa de rutas anuales” Roteiríos 09 (13/03/09) Edición Ourense.
- “Búsqueda de más voluntarios que se sumen al Proxecto Ríos, surgido para cuidar la naturaleza” (06/03/09). Edición Lemos.
- “De marcha por el río Grande” Roteiríos 09 (15/03/09). Edición Carballo.
- “Ordes promueve el voluntariado verde para que los vecinos defiendan el medio ambiente” (03/04/09). Edición Santiago.
- “La campaña primaveral del Proxecto Ríos se centrará en la evaluación del bosque de ribera” (15/04/09) Edicións: Santiago, Deza e Barbanza
- “Temos dous grupos de traballo inspeccionando o estado do río Umia”. Entrevista a Virginia Rodríguez (Coordinadora do Proxecto Ríos) na sección “A Pie de Calle” 17/04/09. Edición Arousa.
- “Los voluntarios verdes ordenses se estrenan chequeando la «boa saúde» de las aguas del río Cabrón” Saídas formativas (19/05/09). Edición Santiago.
- “Escolares de Trazo divulgan en un blog los ríos de su municipio” Encuentros de Voluntariado (17/06/09). Edición Santiago.
- “La estación Encoro do Con acoge unas jornadas formativas para coordinadores del Proxecto Ríos” (15/09/09). Edición Arousa.
- “Limpieza del río Caselas este domingo” Limpieza de ríos 2009 (22/09/09) Edición Vigo.

- “Lalín mantiene abierta la inscripción para la limpieza del río Asneiro el domingo” Limpieza de ríos 2009 (24/09/09) Edición Deza.
- “Adegas y voluntarios de la zona limpiarán el Barbaña a su paso por Seixalbo” (25/09/09) Edición Ourense.
- “Vecinos de Cuntis retirarán basura del cauce del Gallo” Limpieza de ríos (25/09/09)
- “Reclutan voluntarios para la limpieza del río Liñares a su paso por Lagartóns” Limpieza de ríos (25/09/09).
- “En el Sar se encontró hasta el chasis de una moto”. Limpieza de ríos 2009 (28/09/09). Edición Galicia.
- “Basura a toneladas en los ríos gallegos” Limpieza de ríos 2009 (28/09/09). Edición Galicia.
- “Un río sembrado de colchones” Limpieza de ríos 2009 (28/09/09) Edición Pontevedra.
- “Los voluntarios recuperan 350 kilos de basura del río Anllóns” Limpieza de ríos 2009 (28/09/09) Edición Carballo.
- “Lo que esconden nuestros ríos” Limpieza de ríos 2009 (28/09/09) Edición Ourense.

El Correo Gallego

- “Proxecto Ríos de Adegas, exemplo de ámbito estatal” Campo de Voluntariado do Tea (08/04/09) Portada.
- “A degradación dos bosques de ribeira centra a nova edición do Proxecto Ríos” (15/04/09) Santiago.
- “O Proxecto Ríos reúne os seus participantes” Encontro de Voluntariado (18/06/09) Portada.
- “Comeza a campaña de outono do Proxecto Ríos” (15/09/09) Portada.
- “Comeza o Proxecto Ríos cunha limpeza integral o domingo” Limpieza de ríos (24/09/09) Portada.

Xornal de Galicia

- “Retiran seis toneladas de basura de ríos gallegos” Limpieza de ríos (29/09/09)

Faro de Vigo

- “El Centro de Hidrobioloxía de O Con acoge el inicio del Proxecto Ríos” (17/04/09). Edición Arousa.
- “Lalín participa el 27 de septiembre en la limpieza simultánea del Proxecto Ríos” Limpeza de ríos (28/07/09) Edición Deza-Tabeirós-Montes.
- “Mil kilos de basura a orillas del río” Limpeza de ríos (28/09/09). Edición Deza-Tabeirós-Montes.
- “El Umia se beneficia de la campaña de limpieza de los ríos de Galicia” Curso de formación e limpeza de ríos (18/09/09).
- “Los ecologistas retiran dos contenedores de plásticos en sólo 500 metros del Umia” Limpeza de ríos (28/09/09)
- “¿El Lagares? Bajo la basura” Limpeza de ríos (28/09/09)

La Opinión (A Coruña)

- “La calidad de las aguas del 40% de los ríos del Arco Ártabro y Fisterra es deficiente” Informe Anual (19/01/09).

Galicia Hoxe

- “Descubriendo o lado humano dos ríos” (05/02/09).
- “Proxecto Ríos de Adega, exemplo de ámbito estatal” Campo de Voluntariado do Tea. (08/04/09).
- “Adega reforzará a busca de especies invasoras nos cursos fluviais na campaña de primavera do Proxecto Ríos” (14/04/09).

Vieiros

- “O Proxecto Ríos presentou aos medios de comunicación a programación para o ano 2009” (10/02/2009).

- “ADEGA-Proxecto ríos organiza a III xornadas de Voluntariado ambiental”. Pozos de Castieixas (13/02/09).
- “Proxecto Ríos presentou hoxe o Programa Ríos de Lingua e Cultura” (14/02/09).

Periódico dixital culturagalega.org

- “Preséntase Ríos de Lingua e Cultura” (11/02/09).

A Nosa Terra

- “Domingo con botas” Limpeza de ríos (28/09/09).

El Progreso

- “Adega saca del Rato en una mañana mil kilos de basura y material contaminante” (28/09/09).

ABC

- “ADEGA organiza este domingo a limpeza simultánea de 22 ríos” Limpeza de ríos (28/09/09) Edición Galicia.

De seguido enumeramos as entrevistas e intervencións sobre as actividades desenvolvidas polo Proxecto Ríos en radio e televisión, así como as roldas de prensa realizadas:

XANEIRO

-15/01/09 Entrevista Radio ECA-*Informe Anual 2009*

-16/01/09 Programa natureza-TVG- *Informe Anual 2009*

-19/01/09 Radio Voz- *Informe Anual 2009*

FEBREIRO

- 04/02/09 Rolda de Prensa para a Presentación do Calendario 09 e Roteirríos 09
- 07/02/09 Entrevista Radio Cadena Ser
- 10/02/09 Entrevista Radio Fusión, programa os Viraventos-Os pozos de Castieixas.
- 11/02/09 Rolda de Prensa para a Presentación do Ríos de Lingua e Cultura
- 11/02/09 Entrevista Radio Galega, programa O tren do serán-Ríos de Lingua e Cultura
- 11/02/09 Páxina web Cultturagalega.org Preséntase ríos de lingua e cultura
- 12/02/09 Entrevista Radio Cerna, Ríos de Lingua e Cultura
- 13/02/09 Entrevista Radio Cerna, Presentación do Calendario 09 e Roteirríos 09

MARZO

- 05/03/09 Entrevista Radio Voz, EA e Proxecto Ríos

ABRIL

- 14/04/09 Presentación da Campaña de primavera, Club de prensa-12.00h
- 14/04/09 radio Galega O tren do serán
- 14/04/09 radio Cope.

SETEMBRO

- 17/09/09 Entrevista con Miguel Piñeiro no programa Ríos e Montes da Radio Galega.
- 23/09/09 Rolda de Prensa Limpeza simultánea de ríos.
- 23/09/09 Entrevista radio galega Limpeza simultánea de ríos

OUTUBRO

- 01/10/09 Entrevista Radio Cerna. Campo de Voluntariado do Río Tea.
- 01/10/09 Revista Quercus. Convocatoria Campo de Voluntariado río Tea.
- 05/10/09 Rolda de prensa presentación do Campo de Voluntariado do Río Tea.

Equipa educativa

A equipa educativa do Proxecto Ríos está formada polos seguintes Educadores Ambientais de ADEGA:

- Virginia Rodríguez. Licenciada en Química. Coordinadora do Proxecto Ríos. ADEGA.
- Ramsés Pérez. Pedagogo e Educador Ambiental. Vocal de Educación Ambiental de ADEGA.
- Francisco Bañobre. Licenciado en Bioloxía., responsable de grupos do Proxecto Ríos.
- María Xose Castro, Licenciada en Bioloxía, Educadora Ambiental, responsable da limpeza de ríos e das actividades complementarias do proxecto (roteirríos, cursos de formación, ...).



Agradecemos a todos aqueles grupos de voluntarios/as que están a participar no Proxecto Ríos a súa

- Grupo Scout Alhoia
- Diana Vazquez e Nelson Barbeitos
- IES A Piringalla, Lugo
- IES Tomiño
- Ecovixias Divina Pastora
- Asociación ALUME
- Proxecto Home Lugo
- IES Martaguisela, O Barco de Valdeorras
- Susana Lamosa, Miriam Soliño e Maria Estévez
- Xabier García , Adrián Novoa, Verónica Pérez, Angel Prada
- IES Miguel Angel Gonzalez Estevez, Vilagarcía de Arousa
- Familia López Fernandez
- IES Pontecaldelas
- Asociación Caza e pesca Silleda
- IES Rosalía de Castro, Santiago de Compostela
- IES Chano Piñeiro, Forcarei
- IES Chan do Monte
- IES Valga
- IES Arzua
- CPI Alfonso VIII, Obradoiro Río Umia, Caldas de Reis
- IES Espiñeira, Boiro

colaboración na elaboración do Informe Anual de Estado de Saúde dos Ríos Galegos 2007. Proxecto Ríos-ADEGA.

- Asociación pola defensa do Val de Liñares
- Gentalha do Pichel
- IES Pontepedriña, Santiago de Compostela
- CEIP Amor Ruibal, Barro
- IES Sar, Santiago de Compostela
- IES de Meaño
- IES A Basella, Vilanova de Arousa
- ADEGA Vigo
- Colectivo Ecoloxista do Salnés
- IES Rodeira, Cangas
- Enxeñeiros sen fronteiras
- IES Monterroso
- Asociación A Groba
- IES Manuel García Barros
- Laura Fernandez López
- CPI Viaño Pequeno
- Carmela, Esteban, Remedios, Eva e Diana
- Juan Ramón López Domínguez
- Asociación Deportiva Venados 4x4
- IES 12 de outubro alumnos/as 4ºESO, Ourense

- Luis Dieguez Gonzalez e Teresa Codrás Robles
- Paula Dominguez
- Emilio Sánchez
- Aetna
- Fernando Bandín
- Asoc. Veciños Val de Esmelle
- Pier, Martina; Sergio e Quique
- -Xosé Calleja López
- -IES Lagoa de Antela 4º de ESO
- IES Castro de Baroncelli
- CEIP de Cervo
- IES Marques de sargadelos
- Fundación Ortegalia (Emma Sandá; Elisa Gonzalez e Paulo Lago)

Tamén agradecer aos voluntario/as que non puideron enviar, por diferentes motivos, as súas inspeccións pero que

están a contribuir coas súas aportacións ao Proxecto Ríos.

Iniciativa de:



Co financiamento de:



XUNTA DE GALICIA
 CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE
 TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS
 Dirección Xeral de Sostibilidade e Paisaxe